



ACTIVIDADES METAMORFISMO

1. A andalucita, a cianita e a sillimanita son tres polimorfos do Al_2SiO_5 . Na gráfica adxunta aparecen os intervalos de presión e temperatura para os que son estables cada un dos citados polimorfos (diagrama de fases).



- Que son minerais polimorfos?
- Para que valores de presión e temperatura poden coexistir os tres polimorfos?
- Que polimorfo será máis estable a 700°C e 6000 Bars de presión?
- A letra ρ indica a densidade relativa de cada mineral. Que relación existe entre este valor e a distancia entre os átomos constituintes de cada mineral? Ten algunha relación cas condicións de presión ás que cada mineral se orixina?
- Que polimorfo será máis frecuente no metamorfismo de contacto?
- Que relación existe entre a presión e a profundidade? Xustifica a túa resposta.
- Por que se di que estes minerais son minerais índice do metamorfismo (xeobarómetros e xeotermómetros)?

2. Observa o gráfico inferior e ca axuda do diagrama das facies metamórficas responde ás seguintes cuestións:



- Pon nomes ás rochas dos recadros e indica que grao de metamorfismo presentan.
- Que tipo de metamorfismo se da na zona 1 e que condicións son as dominantes. Cita un ambiente onde aconteza.
- Como se forman as migmatitas?